

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e a 3, de 3 puntos; a 2 e a 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda, a terceira e a cuarta, con posibilidade de elección.

**CONTEXTO:**

O instituto organiza unha excursión para visitar a **exposición «A Música na Cultura»**. O percorrido da exposición componse de varias salas. En cada unha delas está representado un estilo musical, un xénero, un autor, etcétera. Dentro de cada sala hai un panel que contén un breve texto (un documento histórico, unha crítica musical...), acompañado dunha ou varias imaxes que ilustran e amplían a información, coa finalidade de explicar a importancia e función da música nun determinado contexto histórico e cultural. Ao mesmo tempo, en cada sala soa unha audición musical relacionada co tema ao que está dedicada. Nunha delas atópanse este texto e estas imaxes:

“ALTEZA REAL! Cando me dispuxen a elaborar a música do Alcestis propúxenme desposuíla completamente de todos eses abusos que sendo introducidos pola mal entendida vaidade dos Cantantes, ou ben pola demasiada compiacencia dos Mestres, hai tempo que desfiguran á Ópera italiana, e converten ao máis pomposo e máis belo de todos os espectáculos no máis ridículo e o máis aburrido. Pensei restrinxir a música ao seu verdadeiro oficio de servir á poesía, para as expresións e para as situacións da narración, sen interromper a acción e sen arrefriala con adornos superfluos e inútiles, e diría que a música tiña que facer, sobre un plan moi correcto e moi preparado, viveza de cores e un contraste ben fornecido de luces e sombras, que serven para animar as figuras sen alterar os seus contornos. Así pois, non quixen deter a un actor na calor do diálogo co fin de esperar un aburrido refrán, nin detelo coa palabra a medias sobre unha vogal favorable, nin facer pompa nunha longa pasaxe da axilidade da súa bela voz, nin esperar que a Orquestra lle dea tempo de tomar alento para unha cadencia. Non crin oportuno desenvolver rapidamente a segunda parte dun aria, a pesar de ser a máis apaixonada e importante posto que había posibilidade de repetir regularmente catro veces a letra da primeira, e terminar a aria onde quizá non termina o sentido, para dar a posibilidade ao cantante de facer ver que pode variar unha pasaxe de moitas maneiras, caprichosamente; resumindo, tratei de deixar ao carón todos eses abusos que chocaban desde hai moito tempo, en balde, contra o sentido común e contra a razón. (...) O éxito xustificou as miñas máximas, e a universal aceptación nunha cidade tan iluminada, o que fixo ver claramente que a sinxeleza, a verdade e a naturalidade son os grandes principios do belo en todas as producións da arte.”

**PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL E AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)**

A partir do texto e as imaxes, explique o tema ao que está dedicada a sala, mediante: unha introdución, onde o identifique; un comentario, onde sintetice dúas ideas principais; unha conclusión, onde sitúe, cronolóxicamente e xeograficamente, ese tema, relacionándoo con outros elementos do contexto histórico e social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páxinas).

**PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)**

Xa en clase, a profesora de música pídelle que explique aos compañeiros que non puideron asistir á exposición a que tema estaba dedicada a mencionada sala. Vostede lembra que nela soaba unha audición musical, pero non lembra cal. Para saír do paso e comentar algo sobre a música que podía ambientar esa sala, describindo a súa cronoloxía, xénero, instrumentación, tipo de público ao que vai dirixida, función social, etcétera, ten dúas posibilidades: facelo sobre unha obra de entre as que coñeza, ou ben, facelo sobre unha destas tres obras: a) L. Van Beethoven. Sinfonía núm. 6, en Fa M, Op. 68, "Pastoral". 1º Movemento; b) G. P. Palestrina. Misa do Papa Marcelo. Kyrie; c) W.A. Mozart. La Clemenza di Tito. KV 621. Aria de Sexto "Parto, parto, ma tu ben mio". En calquera caso, deberá xustificar a súa elección.

**PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (3 puntos)**

A experiencia da visita á exposición gustou moito, de modo que a directora propón ao alumnado a montaxe dunha exposición similar en tres salas do centro, con imaxes e música. As salas serán as seguintes: a) O lied romántico; b) Juan Sebastián Bach; c) O nacionalismo musical en España. A vostede encárgaselle que propoña dúas obras musicais de diferentes xéneros ou autores, para ambientar unha destas tres salas. Xustifique a súa elección en 100-150 palabras (media páxina).

**PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (2 puntos)**

Na exposición puido vostede ver estas dúas imaxes sobre a historia da danza.

Responda un destes dous apartados:

**4.1. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)**

- 4.1.1. Identifique a cronoloxía e o contexto histórico da primeira imaxe.
- 4.1.2. Comente a función da danza nese contexto.

**4.2. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)**

- 4.2.1. Identifique a cronoloxía e o estilo de danza representado na segunda imaxe.
- 4.2.2. Describa a función da máscara nese contexto e a súa relación coa tradición histórica da danza.

